

CURSO

INFORME DE VALORACIÓN DE APOIOS

FORMACIÓN DIRIXIDA PRIORITARIAMENTE A T.SOCIAIS COLEXIADOS/AS EN ACTIVO DE SS.SS COMUNITARIOS

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Obxectivos.....	2
3) Contidos formativos.....	3
4) Persoas destinatarias.....	4
5) Calendario	4
6) Metodoloxía.....	4
7) Avaliación	4
8) Inscripción.....	5
9) Docencia	5

1. RESUMO DO CURSO



15 horas



A través de videoconferencia.



Do 12 ao 23 de setembro de 2022



De balde

2. OBXECTIVOS

- Coñecer as implicacións que ten a Lei 8/2021, de 2 de xuño.
- Abordar as cuestións básicas sobre o Informe Social.
- Coñecer e analizar a ferramenta de traballo “Informe Social para a Valoración de Apoios” co fin de poder dar resposta á petición da autoridade xudicial sobre os tipos de apoio ou asistencia que poida precisar calquera persoa con discapacidade nun momento determinado da súa vida.
- Poñer en práctica o Informe Social de Apoios.

3. CONTIDOS

Módulo 1. Lei 8/2021, do 2 de xuño no eido da xerontoloxía.

Módulo 2. Desenvolvemento da Ferramenta “Informe Social para a Valoración de Apoios” e presentación dalgún caso práctico (sentenzas relacionadas cos novos apoios contemplados na Lei 8/2021, do 2 de xuño).

Módulo 3. Cuestións éticas e técnicas do Informe social de Apoios.

Módulo 4. Contido do informe social en internamentos, en novos procesos de provisión de apoios e en procesos de revisión de apoios desde a perspectiva xudicial.

Primeira parte: Implicación da Lei 8/2021, do 2 de xuño no ámbito da social.

A idea central da reforma é proporcionar o apoio que poida necesitar a persoa con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, o que iguala a todas as persoas, teñan ou non discapacidade, desde o respecto da vontade, desexos e preferencias e establece as salvaguardas necesarias no caso de que se precisen co fin de garantir os seus dereitos. De aí, a importancia desta Lei no ámbito da intervención en Traballo Social, xa que establece como premisa principal o respecto aos desexos, vontades e preferencias da persoa maior, así como unha atención máis personalizada en función das súas necesidades, capacidades e fortalezas, deixando en segundo plano as debilidades da persoa.

Segunda parte: O Informe Social é unha ferramenta propia do Traballo Social que nos permite emitir un ditame técnico e unha proposta de intervención profesional. Lembraremos cuestións básicas a ter en conta na elaboración do Informe: obxectivos, obxecto do Informe, contidos, indicadores, diagnóstico, recomendacións importantes á hora de elaborar informes,...

Terceira parte: Presentación da ferramenta de traballo “Informe Social de Apoios” que nos permita dar resposta á petición da autoridade xudicial sobre os tipos de apoio ou asistencia que poida precisar calquera persoa con discapacidade nun momento determinado da súa vida de acordo ao Código Deontolóxico de Traballo Social. Esta ferramenta especializada (Informe Social de Apoios) vai permitir elevar ao xulgado unha proposta dos apoios que calquera persoa con discapacidade poida precisar.

Cuarta parte: Sesión práctica de elaboración de Informe de Apoios en grupos.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Formación dirixida, prioritariamente, a **traballadores/as sociais colexiados/as no COTSG en activo** que desenvolvan a súa labor nos **SS.SS Comunitarios**, en virtude do acordo de colaboración establecido coa Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T. Social colexiado/a.

5. CALENDARIO

O curso consta de 15 horas que se impartirán desde o 12 ao 23 de setembro de 2022.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	12/09/2022	16:30-19:30
Sesión 2	15/09/2022	16:30-19:30
Sesión 3	19/09/2022	16:30-19:30
Sesión 4	22/09/2022	16:30-19:30
Sesión 5	23/09/2022	16:30-19:30

6. METODOLOXÍA

Participativa e práctica. A formación realizarase a través da **ferramenta Zoom**.

7. AVALIACIÓN

Asistencia ao **80% das sesións virtuais**.

8. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase a través deste [formulario](#), achegando ademáis a **Vida Laboral actualizada** a info@traballosocial.gal indicando no asunto Formación_APOIOS

Data límite de inscrición: 30 de xuño ata as 12:00 AM ou ata esgotar prazas.
Prazas limitadas. A admisión na acción formativa realizarase por orde de inscrición.

9. DOCENCIA

Belén Novillo

Graduada en Traballo Social pola Universidade Complutense de Madrid e experta en Intervención Sistémicas. Ampla formación complementaria en diversas áreas e ámbitos da profesión, tales como: supervisión, formadora de formadores, infancia e familia. Interesada no estudo e a investigación do informe e o diagnóstico social, así coma na ética aplicada aos Servizos Sociais e á Deontoloxía profesional.

Traballou en diferentes ámbitos da profesión, sendo en Atención Primaria onde ten maior experiencia. Actualmente é traballadora social dos Servizos Sociais Municipais do Concello de Tres Cantos, dentro do programa de familia. Ampla experiencia como formadora en diferentes áreas, dependencia, servizos sociais e tamén na formación da nosa ferramenta básica: o informe social.

Marta Cubero

Graduada en Traballo Social pola Universidade Pontificia Comillas. Máster de Traballo Social Comunitario (UCM), Experta en Mediación Social Intercultural (UAM) e Especialista Universitario en Inmigración (UPCO). Ampla formación complementaria: dependencia, maiores e formadora de formadores.

Traballou en diversos ámbitos da profesión, entre os que destaca o traballo social con persoas sen fogar, violencia de xénero, menores, maiores e dependencia. Durante os últimos 10 anos, traballou na D. X. de Atención ao Maior e á Dependencia e desde o 5 de outubro de 2021, incorporouse como técnica de apoio da área Xurídica e Social, da Axencia Madrileña para a Tutela de Adultos.

Roberto José Soto

Maxistrado do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela (especializado en Familia e Discapacidades) desde a súa creación en 2008.
Licenciado en Dereito pola Universidade de Navarra (1987-1992).

María José Fernández

Avogada. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.
Asesora Xurídica da Área de Familias en FADEMGA-FEAPS Galicia.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



cotsgalicia

Financiado por:



XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL
DE INCLUSIÓN SOCIAL